



“ESTRATEGIAS DE PRODUCCIÓN DE VACÚN DE CARNE MÁIS EFICIENTES A TRAVÉS DA MELLORA DA ALIMENTACIÓN, MEDIO AMBIENTE E BENESTAR ANIMAL (FEADER 2018/017A).”

**Entidades Participantes:** Cooperativas Ourenšanas S.Coop. Gal - Coren e Centro Tecnolóxico da Carne - CTC

**Duración:** Setembro 2018 a outubro 2020

**Axuda Concedida:** A axuda concedida para o proxecto é de 79.661,24 euros, e está cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rural, a Xunta de Galicia e o MAPAMA.

O proxecto de innovación titulado “Estratexias de produción de vacún de carne máis eficientes a través da mellora da alimentación, medio ambiente e benestar animal” está liderado polo grupo COREN e persegue implementar unha serie de accións estratéxicas na produción de gando a través da alimentación para producir carne segundo a demanda actual dos consumidores (carne rosada e cun perfil nutricional máis saudable), co máximo benestar animal e diminuíndo o impacto ambiental da súa produción.

A empresa **Cooperativas Ourenšanas S.C.G.** coordina o proxecto e encárgase tanto das actividades de crianza dos animais coma de realizar as análises relacionadas cos parámetros produtivos que se van empregar no proxecto. O proxecto conta co apoio do **Centro Tecnolóxico da Carne** para determinar aqueles parámetros que permitan validar se as diferentes estratexias de alimentación tiveron os efectos que se perseguen no proxecto.

Este proxecto conta co apoio da Xunta de Galicia e do FEADER (Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural) mediante o programa de axudas para proxectos piloto para o desenvolvemento de novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías no ámbito agroforestal.

Proyecto financiado por:

